

La responsabilidad civil por daños al medio ambiente

Carlos De Miguel Perales

Editorial Civitas, 1997

O medio ambiente en xeral e a súa protección, en particular, é un tema que, actualmente, está de moda en tódolos medios de comunicación social, a diario nos advirten acerca da conveniencia de protexer determinadas especies, animais ou vexetais, en perigo de extinción, do labor de concienciación dos poderes públicos para a elaboración de proxectos tendentes á conservación de espazos naturais, e da idoneidade das campañas para mentaliza-los cidadáns no sentido de que a conservación do medio ambiente constitúe a garantía da súa propia subsistencia.

No noso Ordenamento Xurídico Civil hai xa tempo que existen normas de protección do medio ambiente, un exemplo constitúe o art. 1908 do CC, sen embargo, de poucos anos a esta parte ninguén pode negar que no noso país se sentiu a preocupación de protexer e defende-lo medio ambiente dende a perspectiva xurídica da responsabilidade civil extracontractual.

Nunha primeira aproximación podemos afirmar que, a protección do medio ambiente é maior nos países cun mellor nivel económico, mentres que nos máis pobres a protección ambiental ten un papel máis secundario ou carece del. Isto ten unha explicación lóxica, os países menos desenvolvidos centran a súa atención en cuestións que afectan máis inmediatamente á supervivencia dos cidadáns (palia-la fame, erradica-las enfermidades endémicas, etc.). En ocasións, tamén se prefire que se sitúe unha industria que vai verter residuos e contaminar un río ó longo do seu percorrido, se con iso se crean postos de traballo para a poboación asentada nas súas ribeiras.

A maioría dos países do noso contorno, posúan un sistema de dereito anglosaxón (Reino Unido) ou continental (Francia ou Italia), parten, á hora de regula-la responsabilidade civil por danos ó medio ambiente, dun réxime xeral de responsabilidade civil sub-activo, baseado en dous piares básicos: a culpa e a causa.

Tamén, o Código civil español no art. 1902 establece: " O que por acción ou omisión lle causa dano a outro, existindo culpa ou negligencia, está obrigado a repara-lo dano causado"; en vista deste precepto podemos afirmar que o primeiro elemento que compón a responsabilidade civil extracontractual é unha actividade voluntaria do home que, á vez, debe reunir dúas características esenciais sen as cales non existe responsabilidade: a primeira, que a actividade ten que xerar un dano e, en segundo lugar, que a actividade debe ser ilícita, isto é, contraria ó ordenamento xurídico.

Nos supostos de responsabilidade civil por danos ó medio ambiente, podemos atopar supostos de responsabilidade tanto en casos de acción (extracción de areas, vertedura nas rías, etc.) como de omisión, que serán aqueles casos nos que a responsabilidade se basea na ausencia da adopción de tódalas medidas necesarias para evita-la produción do dano.

Pero, o elemento esencial que compón a responsabilidade civil é o dano, é a verdadeira razón de ser desta, o que permite a súa existencia. Ata o punto de que a xurisprudencia do Tribunal Supremo esixe e, así se recolle en numerosas resolucións dictadas respecto disto, a certeza do dano efectivamente causado como elemento necesario para poder aprecia-la existencia de responsabilidade civil.

Cando falamos do dano ambiental estámonos refirindo ó dano certo, persoal e directo sufrido por un individuo determinado na súa persoa, como consecuencia da contaminación dalgún elemento ambiental, ou nos seus bens, en tanto estes formen parte do medio ambiente ou cando resulten danados como consecuencia da agresión ó ambiente.

A pesar de que o noso Código civil ó defini-la responsabilidade

por actos danosos a terceiros non menciona o carácter de ilicitude do acto, a diferenza doutros ordenamentos xurídicos coma o Código de Obrigas suízo, o Código civil italiano ou o BGB alemán, que si o inclúen de modo expreso. A doutrina en xeral, considerou que a antixuridicidade ou ilicitude é un requisito necesario para aprecia-la existencia de responsabilidade civil, xa que, dende un punto de vista xurídico se o feito é lícito é absurdo que a lei o castigue. É dicir, na consideración da responsabilidade civil por danos ó medio ambiente, o elemento do ilícito sempre debe estar presente, pois non é concibible que se imponha un deber de reparación dun dano se ese debe soportarse ou, se o dano ten xusta causa. Neste caso concreto a ilicitude xurdirá cando o acto sexa contrario á lei, ó costume ou ó principio *alterum non laedere*, principio este que nos casos de responsabilidade civil por danos ó medio ambiente goza de especial importancia.

Outro dos elementos esenciais da responsabilidade civil é a relación de causalidade, debe existir un vínculo entre a actividade despregada e o dano ocasionado de tal modo que poida afirmarse que o dano é consecuencia dunha determinada actividade. Cuestión distinta será a dificultade coa que, na práctica, se atopan os particulares que acoden ós tribunais de Xustiza para probar, precisamente, esa relación de causa a efecto entre a actividade desenvolvida por unha persoa e o concreto dano sufrido por outra.


Debemos matizar sen embargo que, cando falamos de responsabilidade civil por danos causados ó medio ambiente nos estamos referindo á responsabilidade de tipo obxectivo, que se caracteriza porque non ten en conta un elemento que na subxectiva é esencial para poder aprecia-la existencia de responsabilidade: a culpa. Pero que cando se trata de responsabilidade civil por danos ó medio ambiente, ó ter un carácter obxectivo, o que debe acreditarse é que os danos derivan daquelas actividades que supoñen un risco, fundamento da responsabilidade obxectiva.

De feito, a idea de risco adoita estar presente en moitas sentencias dictadas polo Tribunal Supremo como base da responsabilidade obxectiva. Así, un exemplo constitúeo a STS do 15 de febreiro de 1985 cando afirma que: "aquela parte que coa súa actividade ocasiona un risco está obrigada a acreditar que, en caso de concretarse aquel risco na produción dun dano, procedeu á adopción de cantas medidas foran racionalmente esixibles para previr tal dano".

Prodúcese así unha inversión da carga da proba no sentido de que lle corresponde ó demandado probar que actuou diligentemente. Mecanismo, o da inversión da proba, que pode resultar perigoso pois, levaríanos a afirmar que a simple existencia do dano é proba suficiente de que non se actuou coa dilixencia necesaria.

Non obstante, especial complexidade presenta, en materia de reparación dos danos causados ó medio ambiente, a valoración destes, ó existiren supostos nos que os danos seguen producíndose mentres está en curso o procedemento para a súa reclamación e a reparación; na maioría destes casos, non consiste nunha reparación *in natura* como sería o desexable, senón nunha indemnización en metálico.

Sen embargo, naqueles supostos nos que, a pesar de que o dano se produciu, non poida exercitarse a acción de responsabilidade, xorden como alternativa os fondos, que son institucións públicas, privadas ou mixtas, das cales a finalidade esencial é prove-las vítimas de danos ó medio ambiente dun dereito á reparación fronte ó propio fondo.

Finalmente, outro interesante aspecto do tema de responsabilidade civil por danos causados ó medio ambiente é o relativo á lexitimación activa, isto é, determinar qué persoas, asociacións ou órganos administrativos poden acudir ós tribunais da xurisdicción civil para esixi-la reparación dos danos causados, os problemas que se presentan e as posibles solucións que se arbitran. 

Ángeles Pérez Vega
Bolsreira da EGAP